

Resolución complementaria á resolución do 14 de xuño de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se regula a convocatoria para a selección de centros públicos de ensino non universitario da Comunidade Autónoma de Galicia para participar no programa EduFrance de intercambio de alumnado con centros educativos dependentes das Régions Académiques Hauts-de-France e Bretagne durante o curso escolar 2024/2025.

Segundo-. *Obxecto e características do programa de intercambio EduFrance.*

3. Emparellamentos

- a) A cada centro galego seranlle asignados unha *Région Académique* e un centro educativo francés e a cada alumno/a seralle asignado un alumno/a homólogo francés/a. A asignación corresponderase, na medida do posible, coa preferencia manifestada polo centro galego na solicitude de participación no intercambio.
- b) Se os emparellamentos con centros educativos das rexións académicas de Hauts-de-France e Bretagne non fosen posibles, a Consellería poderá recorrer a centros noutras rexións coas que existan convenios de colaboración vixentes.

Terceiro-. *Ámbito temporal.*

1. O programa de intercambio de alumnado de centros educativos públicos franceses e galegos, *EduFrance*, desenvolverase durante o curso académico 2024/2025.
2. En caso de que non fose posible realizar emparellamentos efectivos para a realización das mobilidades durante o curso 2024/2025, concederáselle, se así o solicitan, unha prórroga dun curso escolar aos centros galegos afectados. Estes centros poderán realizar as mobilidades co centro asignado durante o curso 2025/2026.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa
Judith Fernández Novoa

